

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**10708** *Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

#### PREÁMBULO

A Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, incorporou ao noso dereito interno a Directiva 2000/35/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de xuño de 2000, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Cinco anos despois da entrada en vigor da Lei 3/2004 contra a morosidade nas operacións comerciais, esta lexislación débese adaptar aos cambios que se produciron no ámbito económico e modificarse para que sexa amplamente aplicable, tanto no ámbito das empresas españolas coma no do sector público.

Os efectos da crise económica traducíronse nun aumento de faltas de pagamento, atrasos e prórrogas na liquidación de facturas vencidas que está a afectar todos os sectores. En especial, está afectando as pequenas e medianas empresas, que funcionan con gran dependencia do crédito a curto prazo e cunhas limitacións de tesouraría que fan especialmente complicada a súa actividade no contexto económico actual.

Con este obxectivo, resulta particularmente importante nesta lei suprimir a posibilidade de «pacto entre as partes», a cal a miúdo permitía alongar significativamente os prazos de pagamento, e eran xeralmente as pemes as empresas máis prexudicadas.

A reforma ten por obxecto corrixir desequilibrios e aproveitar as condicións das nosas empresas co fin de favorecer a competitividade e lograr un crecemento equilibrado da economía española que nos permita crear emprego de forma estable, en liña cunha concepción estratéxica da economía sustentable.

Neste sentido, e desde o punto de vista dos prazos de pagamento do sector público, redúcese a un máximo de trinta días o prazo de pagamento, que se aplicará a partir do 1 de xaneiro de 2013, seguindo un período transitorio para a súa entrada en vigor. Por outra banda, propónse un procedemento efectivo e áxil para facer efectivas as débedas dos poderes públicos, e establécense mecanismos de transparencia en materia de cumprimento das obrigas de pagamento, a través de informes a todos os niveis da Administración e do establecemento dun novo rexistro de facturas nas administracións locais.

No que se refire aos prazos de pagamento entre empresas, establécese un prazo máximo de pagamento de 60 días por parte de empresas para os pagamentos a provedores. Este prazo de pagamento non poderá ser ampliado por acordo entre as partes, co fin de evitar posibles prácticas abusivas de grandes empresas sobre pequenos provedores que dean lugar a aumentos inxustificados do prazo de pagamento. Para este efecto establécese un calendario transitorio que culminará o 1 de xaneiro de 2013. Por outra banda, refórzase o dereito a percibir indemnización, amplíase a posibilidade de que as asociacións denunciaren prácticas abusivas en nome dos seus asociados e promóvese a adopción de códigos de boas prácticas en materia de pagamentos.

Os prazos de pagamento establecidos nesta lei adécuanse ao preceptuado na directiva europea. O réxime xeral previsto no número 1 do artigo 3 desta aplícase aos pagamentos

efectuados polas administracións públicas, así como aos de produtos de alimentación frescos e perecedoiros, mentres que se establece en 60 días o prazo de pagamento das operacións comerciais entre empresas conforme o número 2 do mesmo artigo, co obxecto de recortar as elevadas demoras nos cobramentos en sectores básicos.

**Artigo primeiro.** *Modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.*

Un. Modifícase o artigo 2, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos regulados nesta lei, considerarase como:

- a) Empresa, calquera persoa física ou xurídica que actúe no exercicio da súa actividade independente económica ou profesional.
- b) Administración, os entes, organismos e entidades que forman parte do sector público, de acordo co artigo 3.3 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.
- c) Morosidade, o incumprimento dos prazos contractuais ou legais de pagamento.
- d) Prazo de pagamento, referirase a todos os días naturais do ano, e serán nulos e teranse por non postos os pactos que exclúan do cómputo os períodos considerados vacacionais.»

Dous. Modifícase o artigo 3, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 3. *Ámbito de aplicación.*

1. Esta lei será de aplicación a todos os pagamentos efectuados como contraprestación nas operacións comerciais realizadas entre empresas, ou entre empresas e a Administración, de conformidade co disposto na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, así como as realizadas entre os contratistas principais e os seus provedores e subcontratistas.

2. Quedan fóra do ámbito de aplicación desta lei:

- a) Os pagamentos efectuados nas operacións comerciais en que interveñan consumidores.
- b) Os xuros relacionados coa lexislación en materia de cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio e os pagamentos de indemnizacións por danos, incluídos os pagamentos por entidades aseguradoras.
- c) As débedas sometidas a procedementos concursais incoados contra o debedor, que se rexerán polo establecido na súa lexislación especial.»

Tres. Modifícase o artigo 4, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 4. *Determinación do prazo de pagamento.*

1. O prazo de pagamento que debe cumprir o debedor será o seguinte:

- a) Sesenta días despois da data de recepción das mercadorías ou prestación dos servizos. Este prazo de pagamento non poderá ser ampliado por acordo entre as partes.
- b) Se o debedor recibe a factura ou a solicitude de pagamento equivalente antes que os bens ou servizos, sesenta días despois da entrega dos bens ou da prestación dos servizos.
- c) Se legalmente ou no contrato se dispuxo un procedemento de aceptación ou de comprobación mediante o cal se deba verificar a conformidade dos bens ou os servizos co disposto no contrato e se o debedor recibe a factura antes de finalizar

o período para realizar a dita aceptación, o prazo de pagamento que debe cumprir o debedor computarase a partir do día de recepción dos bens ou servizos adquiridos e non se poderá prolongar máis alá dos sesenta días, contados desde a data de entrega da mercadoría.

2. Os provedores deberán facer chegar a factura ou solicitude de pagamento equivalente aos seus clientes antes de que se cumpran trinta días desde a data de recepción efectiva das mercadorías ou prestación dos servizos.

3. A recepción da factura por medios electrónicos producirá os efectos de inicio do cómputo de prazo de pagamento, sempre que se encuentre garantida a identidade e autenticidade do asinante, a integridade da factura e a recepción por parte do interesado.

4. Poderanse agrupar facturas ao longo dun período determinado non superior a 15 días, mediante unha factura comprensiva de todas as entregas realizadas no dito período, factura resumo periódica, ou agrupándoas nun único documento para os efectos de facilitar a xestión do seu pagamento, agrupación periódica de facturas, e sempre que se tome como data de inicio do cómputo do prazo a data correspondente á metade do período da factura resumo periódica ou da agrupación periódica de facturas de que se trate, segundo o caso, e o prazo de pagamento non supere os 60 días desde esa data.»

Catro. Modifícase o artigo 8, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 8. Indemnización por custos de cobramento.

1. Cando o debedor incorra en mora, o acreedor terá dereito a reclamar ao debedor unha indemnización por todos os custos de cobramento debidamente acreditados que sufrise a causa da mora deste. Na determinación destes custos de cobramento aplicaranse os principios de transparencia e proporcionalidade respecto á débeda principal. A indemnización non poderá superar, en ningún caso, o 15 por cento da contía da débeda, agás nos casos en que a débeda non supere os 30.000 euros en que o límite da indemnización estará constituído polo importe da débeda de que se trate.

2. O debedor non estará obrigado a pagar a indemnización establecida no número anterior cando non sexa responsable do atraso no pagamento.»

Cinco. Modifícase o artigo 9, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 9. Cláusulas abusivas.

1. Serán nulas as cláusulas pactadas entre as partes sobre a data de pagamento ou as consecuencias da demora que difiran en canto ao prazo de pagamento e ao tipo legal dos xuros de demora establecidos con carácter subsidiario no número 1 do artigo 4 e no número 2 do artigo 7, respectivamente, así como as cláusulas que resulten contrarias aos requisitos para exixir os xuros de demora do artigo 6, cando teñan un contido abusivo en prexuízo do acreedor, consideradas todas as circunstancias do caso, entre elas, a natureza do produto ou servizo, a prestación por parte do debedor de garantías adicionais e os usos habituais do comercio. Non se poderá considerar uso habitual do comercio a práctica repetida de prazos abusivos. Para determinar se unha cláusula é abusiva para o acreedor, terase en conta, entre outros factores, se o debedor ten algunha razón obxectiva para se apartar do prazo de pagamento e do tipo legal do xuro de mora disposto no artigo 4.1 e no artigo 7.2 respectivamente. Así mesmo, para determinar se unha cláusula é abusiva terase en conta, considerando todas as circunstancias do caso, se a dita cláusula serve principalmente para proporcionar ao debedor unha liquidez adicional a expensas do acreedor, ou se o contratista principal impón aos seus provedores ou subcontratistas unhas condicións de pagamento que non estean xustificadas por

razón das condicións de que el mesmo sexa beneficiario ou por outras razóns obxectivas.

2. O xuíz que declare a invalidez das ditas cláusulas abusivas integrará o contrato conforme o disposto no artigo 1.258 do Código civil e disporá de facultades moderadoras respecto dos dereitos e obrigas das partes e das consecuencias da súa ineficacia.

3. Serán igualmente nulas as cláusulas abusivas contidas nas condicións xerais da contratación segundo o disposto no número 1.

4. As accións de cesación e de retracción na utilización das condicións xerais a que se refire o número anterior poderán ser exercidas, conforme a Lei 7/1998, do 13 de abril, sobre condicións xerais da contratación, polas seguintes entidades:

- a) As asociacións, federacións de asociacións e corporacións de empresarios, de profesionais, de traballadores autónomos e de agricultores que estatutariamente teñan encomendada a defensa dos intereses dos seus membros.
- b) As cámaras oficiais de comercio, industria e navegación.
- c) Os colexios profesionais legalmente constituídos.

Estas entidades poderán comparecer, en nome dos seus asociados, nos órganos xurisdicionais ou nos órganos administrativos competentes para solicitar a non aplicación de tales cláusulas ou prácticas, nos termos e cos efectos dispostos pola lexislación comercial e mercantil de carácter nacional. As denuncias presentadas por estas entidades ante as autoridades de competencia terán carácter confidencial nos termos da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia.»

Seis. Engádesse un novo número 5 ao artigo 9, coa seguinte redacción:

«5. Sen prexuízo do disposto no número anterior, as entidades mencionadas no dito número tamén poderán comparecer nos órganos xurisdicionais ou nos órganos administrativos competentes e asumir o exercicio de accións colectivas de cesación e de retracción en defensa dos intereses dos seus asociados fronte a empresas incumplidoras con carácter habitual dos períodos de pagamento previstos nesta lei, nos contratos que non están incluídos no ámbito da Lei 7/1998, do 13 de abril, sobre condicións xerais da contratación.»

Sete. Engádesse un artigo 11 coa seguinte redacción:

«Artigo 11. Transparencia nas boas prácticas comerciais.

Co fin de velar pola plena transparencia no exercicio dos dereitos e polo cumprimento das obrigas previstas nesta lei, as administracións públicas promoverán a elaboración de códigos de boas prácticas comerciais, así como a adopción de sistemas de resolución de conflitos a través da mediación e a arbitraje, que serán de adscrición voluntaria por parte dos axentes económicos.»

**Artigo segundo.** *Seguimento da evolución da morosidade e resultados da eficacia da lei.*

No marco dos instrumentos técnicos, consultivos e de participación sectorial de que dispón o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio para efectuar a análise e a evolución da actividade dos diferentes sectores económicos, realizarase un seguimento específico da evolución dos prazos de pagamento e da morosidade nas transaccións comerciais, así como dos resultados da práctica e eficacia desta lei, coa participación das asociacións multisectoriais de ámbito nacional e autonómico, así como a plataforma multisectorial contra a morosidade. Con periodicidade anual, o Goberno remitiralles un informe ás Cortes Xerais sobre a situación dos prazos de pagamento que permita analizar a eficacia desta lei. Este informe será igualmente publicado na páxina web do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

**Artigo terceiro.** *Modificación da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.*

Un. Modifícase o número 4 do artigo 200 da Lei de contratos do sector público, que pasa a ter a seguinte redacción:

«4. A Administración terá a obriga de aboar o prezo dentro dos trinta días seguintes á data da expedición das certificacións de obras ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato, sen prexuízo do prazo especial establecido no artigo 205.4, e, de se demorar, deberalle aboar ao contratista, a partir do cumprimento do dito prazo de trinta días, os xuros de demora e a indemnización polos custos de cobramento nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Cando non proceda a expedición de certificación de obra e a data de recibo da factura ou solicitude de pagamento equivalente se preste a dúbida ou sexa anterior á recepción das mercadorías ou á prestación dos servizos, o prazo de trinta días contarase desde a dita data de recepción ou prestación.»

Dous. Engádesse un novo artigo 200 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 200 bis. *Procedemento para facer efectivas as débedas das administracións públicas.*

Transcorrido o prazo a que se refire o artigo 200.4 desta lei, os contratistas poderán reclamar por escrito á Administración contratante o cumprimento da obriga de pagamento e, de ser o caso, dos xuros de demora. Se, transcorrido o prazo dun mes, a Administración non contestase, entenderase recoñecido o vencemento do prazo de pagamento e os interesados poderán formular recurso contencioso-administrativo contra a inactividade da Administración, e poderán solicitar como medida cautelar o pagamento inmediato da débeda. O órgano xudicial adoptará a medida preventiva, salvo que a Administración acredite que non concorren as circunstancias que xustifican o pagamento ou que a contía reclamada non corresponde á que é exigible, caso en que a medida cautelar se limitará a esta última. A sentenza condenará en custas a Administración demandada no caso de estimación total da pretensión de cobramento.»

Tres. Engádesse unha nova disposición transitoria oitava coa seguinte redacción:

Disposición transitoria oitava. *Prazos a que se refire o artigo 200 da lei.*

O prazo de trinta días a que se refire o número 4 do artigo 200 desta lei, na redacción dada polo artigo terceiro da lei de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, aplicarase a partir do 1 de xaneiro de 2013.

Desde a entrada en vigor desta disposición e o 31 de decembro de 2010, o prazo en que as administración teñen a obriga de aboar o prezo das obrigas a que se refire o número 4 do artigo 200 será dentro dos cincuenta e cinco días seguintes á data da expedición das certificacións de obras ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato.

Entre o 1 de xaneiro de 2011 e o 31 de decembro de 2011, o prazo en que as administracións teñen a obriga de aboar o prezo das obrigas a que se refire o número 4 do artigo 200 será dentro dos cincuenta días seguintes á data da expedición das certificacións de obra ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato.

Entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2012, o prazo en que as administracións teñen a obriga de aboar o prezo das obrigas a que se refire o número 4 do artigo 200 será dentro dos corenta días seguintes á data da expedición

das certificacións de obra ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato.»

**Artigo cuarto.** *Morosidade das administracións públicas.*

1. O interventor xeral do Estado elaborará trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta lei para o pagamento das obrigas da Administración xeral do Estado, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes en que se estea a incumprir o prazo.

2. As comunidades autónomas establecerán o seu propio sistema de información trimestral pública sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pagamento nesta lei.

3. Os tesoureiros ou, no seu defecto, interventores das corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta lei para o pagamento das obrigas de cada entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes en que se estea a incumprir o prazo.

4. Sen prexuízo da súa posible presentación e debate no pleno da corporación local, o dito informe deberase remitir, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, aos das comunidades autónomas que, conforme os seus respectivos estatutos de autonomía, teñan atribuída a tutela financeira das entidades locais. Tales órganos poderán igualmente requirir a remisión dos citados informes.

5. A información así obtida poderá ser utilizada polas administracións receptoras para a elaboración dun informe periódico e de carácter público sobre o cumprimento dos prazos para o pagamento por parte das administracións públicas.

**Artigo quinto.** *Rexistro de facturas nas administracións locais.*

1. A entidade local disporá dun rexistro de todas as facturas e demais documentos emitidos polos contratistas para os efectos de xustificar as prestacións realizadas por estes, cuxa xestión corresponderá á intervención ou órgano da entidade local que teña atribuída a función de contabilidade.

2. Calquera factura ou documento xustificativo emitido polos contratistas a cargo da entidade local deberá ser obxecto de anotación no rexistro indicado no número anterior con carácter previo á súa remisión ao órgano responsable da obriga económica.

3. Transcorrido un mes desde a anotación no rexistro da factura ou documento xustificativo sen que o órgano xestor procedese a tramitar o oportuno expediente de recoñecemento da obriga, derivado da aprobación da respectiva certificación de obra ou acto administrativo de conformidade coa prestación realizada, a intervención ou o órgano da entidade local que teña atribuída a función de contabilidade requirirá o dito órgano xestor para que xustifique por escrito a falta de tramitación do dito expediente.

4. A intervención ou órgano da entidade local que teña atribuída a función de contabilidade incorporará ao informe trimestral ao pleno regulado no artigo anterior unha relación das facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales transcorresen máis de tres meses desde a súa anotación no citado rexistro e non se tramitasen os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga ou xustificase o órgano xestor a ausencia de tramitación destes. O pleno, no prazo de 15 días contados desde o día da reunión en que teña coñecemento da dita información, publicará un informe agregado da relación de facturas e documentos que se lle presentasen, agrupándoos segundo o seu estado de tramitación.

**Disposición adicional primeira.** *Réxime especial para produtos agroalimentarios.*

1. Os aprazamentos de pagamento de produtos de alimentación frescos e perecedoiros non excederán en ningún caso os 30 días a partir da data da entrega das mercadorías.

Entenderase por produtos de alimentación frescos e perecedoiros aqueles que polas súas características naturais conservan as súas calidades aptas para comercialización e



consumo durante un prazo inferior a trinta días ou que precisan condicións de temperatura regulada de comercialización e transporte.

2. Con relación aos produtos de alimentación que non sexan frescos ou perecedoiros, os aprazamentos de pagamento non excederán en ningún caso os 60 días a partir da data da entrega das mercadorías.

3. Os destinatarios das correspondentes entregas quedarán obrigados a documentar, no mesmo acto, a operación de entrega e recepción con mención expresa da súa data.

Do mesmo modo, os provedores deberán indicar na súa factura o día do calendario en que se debe producir o pagamento.

As facturas deberanse facer chegar antes de que se cumpran trinta días desde a data de entrega e recepción das mercadorías.

**Disposición adicional segunda.** *Distribución de libros.*

O Goberno, regulamentariamente, poderá determinar un réxime especial de pagamentos para o sector do libro que teña en conta as especiais circunstancias do sector en relación cos ciclos de explotación, a rotación de stocks e o específico réxime de depósito de libros.

**Disposición adicional terceira.** *Deber de información.*

As sociedades deberán publicar de forma expresa as informacións sobre prazos de pagamento aos seus provedores na memoria das súas contas anuais.

O Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas resolverá sobre a información oportuna que se incorporará na memoria de contas anuais das empresas para que, a partir das correspondentes ao exercicio 2010, a auditoría contable conteña a información necesaria que acredite se os aprazamentos de pagamento efectuados se encontran dentro dos límites indicados nesta lei.

**Disposición adicional cuarta.** *Nova liña de crédito ICO-morosidade entes locais.*

O Goberno, no prazo de 30 días, a través do Instituto de Crédito Oficial, instrumentará unha liña de crédito directa, en condicións preferentes, dirixida ás entidades locais, para facilitar o pagamento de débedas firmes e non pagadas a empresas e autónomos con anterioridade ao 30 de abril de 2010.

A liña de crédito cancelarase e satisfarase, caso por caso, sempre que non fose amortizada con carácter previo, nun prazo concertado con posterioridade á entrada en vigor da futura reforma do sistema de financiamento dos entes locais e será instrumentada con independencia aos recursos provenientes da PIE e vinculada ás obrigas recoñecidas aos provedores do sector privado.

**Disposición transitoria primeira.** *Aplicación aos contratos.*

Esta lei será de aplicación a todos os contratos asinados con posterioridade á súa entrada en vigor.

**Disposición transitoria segunda.** *Calendario a que se refire o artigo primeiro número tres.*

Os prazos a que se refire o número tres do artigo primeiro desta lei, correspondente ao artigo 4 da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, e a disposición adicional única sobre o réxime especial para produtos agroalimentarios, en relación cos produtos de alimentación que non sexan frescos ou perecedoiros, axustaranse progresivamente, para aquelas empresas que viñesen pactando prazos de pagamento máis elevados, de acordo co seguinte calendario:

– Desde a entrada en vigor desta lei ata o 31 de decembro de 2011, serán de 85 días.

- Entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2012, serán de 75 días.
- A partir do 1 de xaneiro de 2013, serán de 60 días.

O disposto nesta disposición transitoria non será de aplicación aos produtos de alimentación frescos e perecedoiros, para os cales o prazo de pagamento a 30 días terá efectos inmediatos.

**Disposición transitoria terceira.** *Prazos máximos de pagamento nos contratos de obra coas administracións públicas.*

As empresas construtoras de obra civil que manteñan vivos contratos de obra coas diferentes administracións públicas, con carácter excepcional, e durante dous anos contados desde a data de entrada en vigor desta lei, poderán acordar coas súas provedoras e/ou subcontratistas os seguintes prazos máximos de pagamento, de conformidade co seguinte calendario de aplicación:

- 120 días desde a entrada en vigor da lei ata o 31 de decembro de 2011.
- 90 días desde o 1 de xaneiro de 2012 ata o 31 de decembro de 2012.
- 60 días desde o 1 de xaneiro de 2013 ata o 31 de decembro de 2013.

Non poderán existir pactos entre as partes por riba dos ditos prazos e datas.

**Disposición derogatoria única.**

Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan a esta lei, con excepción daquelas que, en relación coa determinación do prazo de pagamento, resulten máis beneficiosas para o acredor.

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 5 de xullo de 2010.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO